



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Pola Alcaldía, con data 27 de xuño de 2023, adoptouse o seguinte:

“DECRETO ALCALDÍA

De conformidade co establecido nos artigos 21.3º e 23.1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local e 43, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar, coma membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes Concelleiros:

- D. Manuel Rodríguez Vilela
- D^a. M^a Rosa Caloto López
- D. Manuel Fernández Gómez

SEGUNDO.- Efectuar delegación na Xunta de Goberno Local coma órgano colexiado das seguintes atribucións:

a) En materia de urbanismo e licenzas:

- Aprobar os instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.
- O outorgamento de licenzas, calquera que sexa a súa natureza, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

b) En materia contractual

- A contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e os contratos privados en contía superior a 8.000 € e dentro dos límites establecidos da competencia da Alcaldía, na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, é dicir, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión a Alcaldía e estean previstas nos orzamentos.
- A aprobación das certificacións de obra e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas, todas elas, dos expedientes citados nos apartados anteriores.

c) En materia sancionadora

- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das Ordenanzas Municipais, excepto cando tal facultade estea atribuída ao Pleno, con exclusión das sancións en materia de persoal.

d) En materia económico financeira

- As autorizacións, disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas de competencia da Alcaldía agás:
 - Pagos por importe inferior a 5.000 €
 - Haberes e retribucións do persoal municipal
 - Gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

- O outorgamento de subvencións.
- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas súas Bases de Execución.
- A organización dos servizos de recadación e Tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión destes servizos, así como a de aprobar todo tipo de padróns tributarios, fixando o período de cobro en voluntaria.

e) En materia de bens

- A adquisición de bens inmoables e dereitos xuxetos a lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.
- A enaxenación de bens inmoables, integrantes do patrimonio municipal, que non superen a porcentaxe e contía indicados anteriormente.

f) Noutras materias

- A solicitude de subvencións de calquera Entidade Pública ou Privada, na que a competencia non esté atribuída pola Lei ao Pleno.
- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos de competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá, mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na sesión organizativa e publicala no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO.- A eficacia do presente acto quedará supeditada ao acordo que sobre creación de Xunta de Goberno Local adopte o Pleno sesión organizativa que celebre.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.”

Baralla, 6 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2246

Anuncio

Pola Alcaldía, con data 27 de xuño de 2023, adoptouse o seguinte:

“DECRETO ALCALDÍA

Visto o disposto no artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto o Decreto número 0095 no que por esta Alcaldía se procedeu ao nomeamento de concelleiros que integrarán a Xunta de Goberno Local, no caso de que se acorde polo Pleno a súa creación.

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Designar Tenentes de Alcalde, aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituirán segundo a orde de nomeamento a esta Alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

1º Tenente de Alcalde: D. Manuel Rodríguez Vilela

2º Tenente de Alcalde: Dña. Mª Rosa Caloto López

3º Tenente de Alcalde: Don Manuel Fernández Gómez

Segundo.- Delegar a dirección e xestión das seguintes áreas municipais:

-María Rosa Caloto López : Igualdade e Benestar.

-Ángel Rodríguez Barcia: Medio Ambiente e Sanidade.

-Manuel Fernández Gómez : Medio Rural.

- Julio López Fernández : Tráballo e Servizos Sociais.
- Manuel Rodríguez Vilela: Obras e Deportes.
- Alberto Enrique Parajuá Alonso : Feiras e Festas.
- Manuel Mourelos González: Cultura e Patrimonio Histórico.
- Ruben Armada López : Xuventude e Innovación e Dixilitación.
- Jose Guillermo Otero Núñez : Augas, Saneamentos e Depuración.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución aos Tenentes de Alcalde e proceder a súa publicación no BOP, e no taboleiro de edictos do concello.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación de conformidade co disposto no artigo 40 do ROF.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcrición no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.”

Baralla, 6 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2247

Anuncio

Polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 7 de xullo de 2023, adoptouse acordo sobre “ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS MUNICIPAIS” cuxa parte resolutoria é a seguinte:

Primeiro.- Asignar a tódolos grupos políticos da Corporación Municipal, a seguinte dotación económica:

- Compoñente fixo: 90 €/mes, por cada grupo político.
- Compoñente variable: 50 €/mes, por cada concelleiro/a integrado/a no grupo político municipal de que se trate.

Segundo.- Os pagos aos grupos faranse con carácter mensual e con efectos desde a constitución dos grupos políticos na actual lexislatura, xa que de conformidade co disposto na vixente lexislación de procedemento administrativo podería outorgarse eficacia retroactiva aos actos das administracións públicas e procedemento administrativo común, cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feitos existirán xa na data á que se retrotaiga a eficacia do acto e esta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Baralla, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2248

Anuncio

Polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 7 de xullo de 2023, adoptouse acordo sobre “ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN” cuxa parte resolutoria é a seguinte:

Primeiro.- Os membros da Corporación que non teñan asignada dedicación exclusiva nin dedicación parcial, percibirán a seguinte indemnización:

- Por asistencia ás sesións plenarias: 100 €/sesión.

Segundo.- Comisión de Servizos: cumprindo en todo caso os criterios establecidos no artigo 12 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo:

- Dieta enteira (xornada completa con pernocta fóra): 155 €/día.
- Dieta enteira (sen pernocta fóra): 100 €/día.
- Media dieta (con manutención incluída): 75 €/día.

Terceiro.- Quilometraxe: gastos de locomoción en vehículo propio que se produza como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais, 0,19 €/km percorrido.

Baralla, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2249

Anuncio

Polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 7 de xullo de 2023, adoptouse acordo sobre "DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL" cuxa parte resolutoria é a seguinte:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

-O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

-A declaración de lesividade dos actos do concello.

-A concertación de operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento, salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

-As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, subministros, servizos, xestión de servizos públicos, contratos administrativos especiais e contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio atribuídas ao Pleno do concello na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando non requira para a súa aprobación maioría absoluta.

-A aprobación dos proxectos de obras e servizos, cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estén previstos no presuposto.

-A solicitude de calquera tipo de axudas e subvencións.

Todas as demais competencias que expresamente lle atribúan ao Pleno e non esixan unha maioría especial para a súa aprobación.

Segundo.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 40/2015 de 1 de outubro, e os artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida pola Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- O presente acordo producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no BOP de Lugo.

Baralla, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2250

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), faise público o presente anuncio aos efectos de dar publicidade á inscrición nos Rexistros de Intereses das declaracións de bens e dereitos, así como das causas de posible incompatibilidade dos membros da Corporación do Concello de Baralla que resultaron elixidos nas Eleccións Municipais de 28 de maio de 2023.

Faise constar que as declaracións, cumprimentadas en formato papel, estarán dispoñibles na Secretaría do Concello, para calquera cidadá a título individual ou persoa xurídica que desexe ter acceso ás mesmas, que deberá presentar unha solicitude que reúna os requisitos establecidos no artigo 70 da lei 30/1992, por calquera dos medios do artigo 38 da devandita lei, con indicación dos datos do membro corporativo cuxa declaración desexe consultar.

As solicitudes xenéricas non serán admisibles.

Por resolución da Alcaldía autorízase o acceso, sinalando día e hora para facelo efectivo, mediante comparecencia na Secretaría do Concello, do que se lle dará traslado ao concelleiro/a interesado/a, para o seu coñecemento.

Baralla, 12 de xullo de 2023.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2251

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada con data 7 de xullo de 2023, adoptouse acordo sobre “RELACIÓN DE CARGOS CORPORATIVOS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA E DEDICACIÓN PARCIAL” cúa parte resolutoria é a seguinte:

Primeiro.- Establecer coma cargo que leva aparelado o réxime de dedicación exclusiva:

- O do 1º Teniente de alcalde D. Manuel Rodríguez Vilela.
- Retribución do indicado cargo: 37.000 € brutos anuais, distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias)

Segundo.- Establecer coma cargo que leva aparelado o réxime de dedicación parcial ao 75 %:

- O do Alcalde-Presidente, D. Miguel González Piñeiro.
- Retribución do indicado cargo: 30.000 € brutos anuais, distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias).

Terceiro.- O importe das dedicacións actualizaranse anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da Administración Pública.

Cuarto.- Proceder a realizar os trámites pertinentes a efectos laborais tanto no referente ao Sr. Alcalde como ao 1º Teniente de Alcalde, na forma en que legalmente corresponda.

Baralla, 12 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2252

CASTRO DE REI

Anuncio

Advertido erro na transcripción do anuncio publicado o 11 de xullo de 2023, onde di:

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día vinteito de xuño de dous mil vintetrés, adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ás proposicións de alcaldía sobre:

...

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

“Primeiro.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:

- O Sr. Concelleiro, D. Roberto Lorenzo Fernández, co seguinte réxime de retribucións: 2.285,71 euros brutos mensuais, (1.720,61€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 32.000€ brutos anuais, asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que correspondan. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Segundo.- O membro da Corporación que vai desempeña-lo cargo con dedicación exclusiva é:

- O Sr. Alcalde D. Francisco Javier Balado Teijeiro, co seguinte réxime de retribucións: 3.071,42 euros brutos mensuais, (2.211,32€ líquidos mensuais) de catorce pagas anuais, facendo un total de 43.000€ brutos anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Terceiro.- Número, características e retribucións de persoal eventual, dacordo co artigo 104 e 104 bis da Lei de Bases de Réxime Local:

- Designar un persoal eventual a xornada completa de luns a venres, para apoio á alcaldía, co seguinte réxime retributivo: 1.746,74€ brutos mensuais, de catorce pagas anuais. Estas retribucións terán unha subida ou unha redución anual en orzamentos igual á subida ou redución regulamentada anualmente para o persoal, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Cuarto.- Asistencias a sesións de órganos colexiados:

Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións de:

- Plenos: Contía de 160 euros.
- Xunta de Goberno Local: Contía de 100 euros.
- Comisións Informativas: Contía de 90 euros.

Quinto.- *Participación en Tribunais: Os membros da Corporación percibirán as indemnizacións por razón de concorrencia a sesións de Tribunal e órganos colexiados da selección de persoal, as que legalmente fixe o Estado, no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.*

Sexto.- *Indemnizacións por razón do servizo:*

-As establecidas na Lexislación Xeral do Estado, de acordo co disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

-Os gastos de locomoción serán os sinalados no RD 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións de servizo, debidamente actualizado pola Orde EHA/3770/2005, de 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no citado Real Decreto.

Sétimo.- *Asignación ós Grupos Políticos Municipais por razón do disposto no artigo 73 da Lei de Bases de Réxime Local:*

- Setenta euros ó mes por cada un dos concelleiros integrantes de cada grupo municipal.

Noventa euros ó mes por cada grupo municipal.”

...

Debe dicir:

O Pleno deste Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día vinteito de xuño de dous mil vintetrés, adoptou, entre outros, os seguintes acordos relativos ás proposicións de alcaldía sobre:

...

DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

“Dado que o artigo 65.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, permite que polo Pleno se deleguen na Xunta de Goberno Local as atribucións que se especifican no artigo 64.2, nos apartados g), l), n), e o), do mesmo texto legal.

Esta posibilidade tamén se recolle no artigo 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, salvo as enunciadas no número dous, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p) e no número tres do citado artigo.

Polo tanto o Pleno delega na Xunta de Goberno Local, as atribucións recollidas nos citados artigos 64.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia así como no artigo 22.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, agás a establecida no apartado ñ do artigo 22 da lei de bases de réxime local referida á aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexan competencia para a súa contratación ou concesión, e cando non estén previstos nos orzamentos, que se delega na Alcaldía.

O Pleno delega en Xunta de Goberno Local as competencias como órgano de contratación, a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e no seu caso, de prescricións técnicas, respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno Municipal.

O acordo plenario no que se outorgue a delegación require maioría simple dos membros da Corporación, así o indica o artigo 47 da Lei de Bases e tamén no artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que ademais indica que xurdirá efectos dende o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta proposta faise co ánimo de lograr unha maior eficacia e dinamismo na vida municipal, permitindo así no caso de ser aprobada, que sexan delegadas na Xunta de Goberno Local e na Alcaldía, as atribucións que legalmente lle corresponden ó Pleno, de acordo cos preceptos legais enunciados anteriormente.”

...

Castro de Rei, 12 de xullo de 2023.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2253

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A BRIGADA DE INCENDIOS DO CONCELLO DE CERVO, DE DOUS (2) XEFES DE BRIGADA, DOUS (2) PEÓNS CONDUTORES CON CARNÉ B, SEIS (6) PEÓNS FORESTAIS E TRES (3) PEÓNS CON CARNÉ C PARA A OPERATIVIDADE DO VEHÍCULO MOTOBOMBA.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2023-0637 de data 05 de xullo de 2023, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, para a brigada de

incendios do Concello de Cervo, de dous (2) xefes de brigada, dous (2) peóns condutores con carné B, seis (6) peóns forestais e tres (3) peóns con carné C para a operatividade do vehículo motobomba, ao abeiro do convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Cervo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023 - 2024, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, de 26 de maio do 2023.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles contados a partir do día da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 12 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 2254

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 372/2023

Asunto: Publicación do Acordo do Pleno con data 03/07/2023 sobre a relación de cargos electivos con dedicacións atribuídas

Membros da Corporación municipal con dedicación exclusiva

O Artigo 75.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL, no sucesivo) establece que os membros das Entidades Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva.

Neste senso, o artigo 75 ter da LRBRL, (precepto engadido no texto legal pola Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local), regula a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva, indicando que a « [...] prestación de servizos nos Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros deberá axustarse en todo caso aos seguintes límites:

- a) Nos Concellos de Municipios con poboación inferior a 1.000 habitantes, ningún membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- b) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 1.001 e 2.000 habitantes, só un membro poderá prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva.
- c) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 2.001 e 3.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de dúas.
- d) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 3.001 e 10.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de tres.
- e) Nos Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 10.001 e 15.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de cinco.
- f) En Concellos de Municipios con poboación comprendida entre 15.001 e 20.000 habitantes, os membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva non excederá de sete».

En virtude do anterior, a limitación no número dos cargos públicos das Entidades Locais con dedicación exclusiva no Concello do meu cargo resulta de 3.

Asemade, o artigo 75 bis.1 da LRBRL na redacción que lle deu a este texto legal a Lei 27/2013 de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece que os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Entidades Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias.

Ai fío do anterior a disposición adicional vixésimo sétima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, dispón o réxime retributivo dos membros das Corporacións locais, que en atención á poboación dos municipios establece os seguintes limiares:

Habitantes	Referencia – Euros
Más de 500.000.	116.160,05
300.001 a 500.000.	104.544,03
150.001 a 300.000.	92.928,03
75.001 a 150.000.	87.120,59
50.001 a 75.000.	75.504,62
20.001 a 50.000.	63.888,61
10.001 a 20.000.	58.080,05
5.001 a 10.000.	52.272,61
1.000 a 5.000.	46.464,02

Por tanto, o límite disposto na de Orzamentos Xerais do Estado a percibir polos membros das Entidades Locais con dedicación por todos os conceptos retributivos e asistencias será de 46.464,02 € para o caso que nos ocupa.

Visto que os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior dedicación ás labores propias do cargo.

En virtude do tenor dos fundamentos subliñados, non cabe dúbida que a dedicación que lle conferirá ocupará unha parte relevante do seu tempo e, consecuentemente, a súa implicación e dedicación efectiva ao Concello nunca será inferior a 8 horas diarias.

Membros da Corporación municipal con dedicación parcial

Conforme ao artigo 75.2 da LRBRL os membros das Entidades Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de Presidencia, Vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

Destaca o referido precepto que os membros das Entidades Locais que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo.

Pola súa parte, indica o artigo 75 bis 1 establece respecto das Entidades de poboación inferior a 1.000 habitantes, que os seus membros non terán dedicación exclusiva.

Con todo, sinala a Lei que excepcionalmente, poderán desempeñar os seus cargos con dedicación parcial, percibindo as súas retribucións dentro dos límites máximos sinalados para o efecto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, a saber:

Dedicación	Referencia – Euros
Dedicación parcial al 75 %.	34.848,05
Dedicación parcial al 50 %.	25.555,04
Dedicación parcial al 25 %.	17.424,64

Visto que os Concellos cada vez teñen mais competencias e servizos que desenvolver, sendo necesaria unha maior dedicación ás labores propias do cargo.

En base ao anteriormente exposto formulo ao Pleno deste concello que adopte o seguinte,

PRIMEIRO.- Recoñecer a dedicación exclusiva ó Alcalde - Presidente desta Corporación, xa que este posto ten unha gran complexidade e unha gran responsabilidade e necesita de total dedicación.

SEGUNDO.-A retribución que percibirá o Alcalde - Presidente polo desempeño do seu cargo para a realización das tarefas propias do cargo ascenderán a unha cantidade bruta anual de 46.464,02 €, en 14 mensualidades, que incrementaranse anualmente, segundo o establece a Lei de Orzamentos anuais do Estado, non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións (dietas e quilometraxes) polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación, según o establecido nas bases de execución do orzamento.

TERCEIRO. Así mesmo, en función das consideracións casuísticas expresadas con anterioridade, propónse o nomeamento da persoa concelleira D.José Gromaz Castro que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección da área de Obras e Urbanismo, Seguridade e Tráfico e Desenvolvemento Industrial en dedicación parcial, e corresponderalle unha retribución de 17.500 €, en 14 mensualidades.

CUARTO. A xornada de dedicación mínima do devandito concelleiro será de 4 horas diarias de luns a venres (Dedicación Parcial ao 50 %), variadas segundo necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da corporación.

QUINTO. Así mesmo, en función das consideracións casuísticas expresadas con anterioridade, propónse o nomeamento da persoa concelleira D.Silbán Rodríguez Palmeiro que ostentará responsabilidade da coordinación e dirección da área de Deportes, Xuventude e Festas en dedicación parcial, e corresponderalle unha retribución de 17.500 €, en 14 mensualidades.

SEXTO.A xornada de dedicación mínima do devandito concelleiro será de 4 horas diarias de luns a venres (Dedicación Parcial ao 50 %), variadas segundo necesidades do servizo, sen que sexa compatible o percibo das retribucións que permite a norma coas indemnizacións por asistencias aos órganos colexiados do concello establecidas xenericamente para os membros electos da corporación.

SÉTIMO. As contías determinadas no presente acordo será actualizadas segundo establece a Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

OITAVO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2255

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 372/2023

Asunto: Publicación do Acordo do Pleno con data 03/07/2023 referente á creación da Xunta de Goberno Local, a determinación da periodicidade de sesións e a delegación de competencias do Pleno

De conformidade co disposto nos artigos 20.1.b. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e 35.2.d) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais (ROF), constituída a nova Corporación municipal tralas eleccións locais do pasado 28 de maio de 2023,

Visto que segundo o 23.1 da LRBRL a Xunta de Goberno Local encontrase integrada polo Alcalde e un número de persoas concelleiras non superior a un terzo do número legal da composición da Corporación.

Visto que o número de concelleiros desta Corporación é de 11 (once) segundo o disposto no artigo 179.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, resulta, por tanto que o número máximo de persoas concelleiras que poden integrar a Xunta de Goberno Local será de 3 (tres).

Considerando o indicado polo artigo 23 da LRBRL, que establece que corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións e as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal delegueille ou lle atribúan as leis.

Á vista do réxime básico da delegación de competencias está regulado no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (norma básica ex Disposición final 14ª) que establece que «Os órganos das diferentes Administracións Públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda cando non sexan xerarquicamente dependentes(...)».

No ámbito local, o artigo 22.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece que o Pleno pode delegar o exercicio das súas competencias, salvo aquelas expresamente declaradas como indelegables.

Considerando, que o artigo 211 da LALG faculta ao Pleno da Corporación a fixar a periodicidade das sesións da Xunta de Goberno Local. Visto que no artigo 28 do Regulamento Orgánico municipal publicado no boletín oficial da provincia de Lugo número 162 en venres, 16 de xullo do ano 2020 dispón que «As sesións ordinarias terán lugar quincenalmente, correspondendo ao Sr. Alcalde fixar mediante decreto o día e hora das sesións ordinarias».

Para unha mellor operatividade participativa e maior axilidade nos asuntos municipais a desenvolver, considerando o establecido nos apartados 5 en relación ao 4 do artigo 64 da LALG, o artigo 22.4 da LRBRL, así coma o artigos 52 e 53 do ROF, pola presente, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

PRIMEIRO. Informar ao Pleno da constitución á Xunta de Goberno Local, que está presidida polo Alcalde da Corporación e integrada por un máximo de tres persoas concelleiras nomeadas mediante resolución de Alcaldía de conformidade co indicado no artigo 23.1 da LRBRL.

Á Comisión de Goberno corresponderalle as atribucións que lle delegue o Alcalde mediante a devandita resolución, así como as que o Peno lle delega mediante o presente acordo que figuran no apartado cuarto.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias os martes da primeira e da terceira semana ás 13:30 horas, caso de resultar festivo celebrárase o primeiro día hábil seguinte considerándose inhábil para estes efectos os sábados, domingos e festivos, de conformidade co indicado no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva no prazo de dez días hábiles seguintes á súa constitución, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO. Delegar de forma expresa na Xunta de goberno local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:

- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria;
- A declaración de lesividade dos actos do concello;
- A concertación das operacións de crédito das que a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto, salvo as de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, de conformidade co establecido na lei reguladora das facendas locais;
- A competencia coma órgano de contratación de toda clase (obras, servizos, abastecementos) cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado;
- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos;
- Calquera acto de disposición sobre os bens, incluídos a adquisición, a transacción, a permuta, o alleamento e a cesión gratuíta a outras administracións ou institucións públicas e a institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. A concesión, o arrendamento ou a cesión de uso de bens por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do dez por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, e a regulación do aproveitamento dos bens comunais e a cesión, por calquera título, do aproveitamento destes bens;
- O alleamento, gravame e permuta do patrimonio, incluídas as parcelas sobrantes e os efectos non utilizables, cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, e os tres millóns de euros, e non requiran para a súa aprobación unha maioría especial;
- A concertación de operacións de tesourería que superen o 15% dos ingresos liquidados por operacións correntes do último exercicio liquidado e non superen o 30% dos mesmos;
- O establecemento e ou modificación dos prezos públicos;
- A aprobación das tarifas de servizos de natureza non tributaria;
- A autorización e disposición de gastos en materias delegadas dentro dos límites das competencias e atribucións antes enunciados e os expresamente previstos nas Bases de Execución do Orzamento.

QUINTO. Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para resolver os recursos de reposición que se presenten contra os actos administrativos ditados por este órgano colexiado en exercicio das competencias delegadas polo Pleno.

SEXTO. De acordo con os artigos 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro e o artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta delegación poderá ser modificada ou revogada en calquera momento, axustándose ás mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Así mesmo, o Pleno poderá avogar o exercicio da competencia delegada de maneira singular para actos concretos, sen que iso implique a revogación da delegación conferida á Xunta de Goberno Local.

SÉTIMO. Esta delegación será efectiva desde o día seguinte á data do seu acordo, de conformidade co artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

OITAVO. As referencias que contén este Decreto a preceptos ou normas derogadas entenderanse feitas de maneira automática aos preceptos ou ás normas que os modifique ou substitúan

NOVENO. Publicar no BOP as presentes delegacións do Pleno na Xunta de Goberno de conformidade co previsto no artigo 51.2 do ROF, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a aprobación das mesmas, de conformidade co indicado no punto sétimo.

DÉCIMO. Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local, a efectos de cumprir o imperativo legal previsto no artigo 114 do ROF, entendéndose aceptada tacitamente se, no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo, o membro ou órgano destinatario da delegación non efectúa unha manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

UNDÉCIMO. Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de goberno local non acordadas expresamente

DUODÉCIMO- Os membros da Corporación percibirán as seguintes asignacións por asistencia ás reunións da Xunta de Goberno Local:

– 75 €/ sesión

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2256

Anuncio

Procedemento: Pleno Organizativo

Expediente número: 372/2023

Asunto: Publicación de Resolución da Alcaldía referente a Delegación de áreas

“Celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio de 2023, vista a sesión constitutiva do Concello de data dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar a área de Servizos sociais e Educación á concelleira Sr. Dña. Teresa Fernández Pérez

SEGUNDO. Delegar a área de Cultura, Turismo e Medio Ambiente ao concelleiro Sr. D. Ricardo Parada Mariñas

TERCEIRO. As áreas de Obras e Urbanismo, Seguridade e Tráfico e Desenvolvemento Industrial serán compartidas polo concelleiro Sr. D. José Gromaz Castro e polo Sr. Alcalde, Sr. Carlos López López

CUARTO. Delegar a área de Deportes, Xuventude e festas ao concelleiro Sr. D. Silbán Rodríguez Palmeiro

QUINTO. A área de Medio Rural será compartida polos concelleiros Sra. Dña. Gloria Pasarín Méndez e Sr. D. Óscar Fernández Ramos

CUARTO: Asimesmo o Sr. Alcalde reservase o resto de áreas non delegadas.

SEXTO: Estas delegacións enténdense relativas a un determinado servizo. Neste caso, a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

SÉTIMO: Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.”

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Carlos López López en A Fonsagrada, na data indicada ao marxe

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2257

*Anuncio***Procedemento:** Pleno organizativo**Expediente número:** 372/2023**Asunto:** Publicación da Resolución de Alcaldía referente ao nomeamento de Tenentes de Alcalde.

A Corporación municipal como consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023 quedou constituída na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023. Neste senso, estímase procedente deseñar un novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que están presentes os tenentes de alcalde como órganos de carácter necesario, segundo configura o contido dos artigos 21.1.a) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 35.2 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e artigo 62 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Segundo determinan os artigos 23.3 da LRBRL, 46 do ROF, e 62.1 da LALG, son libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, de no existiren, de entre as persoas concelleiras electas.

Correspóndelle a estes substituír na totalidade das súas funcións ao Alcalde por orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite das súas funcións, así como a desenvolver as funcións de alcalde nos supostos de vacante da alcaldía ata a nova pose deste.

O número de Tenentes de Alcalde, nos municipios que teñan Xunta de Goberno, non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno. Como máximo un terzo do número legal de membros da Corporación, segundo indica o artigo 23.1 da LRBRL.

Visto que o número de concelleiros desta Corporación é de 11 segundo o disposto no artigo 179.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, resulta, por tanto que o número máximo de persoas concelleiras a nomear como tenentes de alcalde será de 3.

No uso das atribucións conferidas no art. 61.2 da Lei reguladora da Administración Local de Galicia 5/1997, de 22 de xullo (DOG nº 149 de 5 de agosto de 1997), en relación coas conferidas polo artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 46.1 do ROF, dispoño:

PRIMEIRO. Nomear tenentes de alcalde deste Concello ás persoas concelleiras que se integrarán coma membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo orde de nomeamento a esta alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

- 1 Don José Gromaz Castro
- 2 Dona María Gloria Pasarín Méndez
- 3 Don Ricardo Parada Mariñas

Este nomeamento causará efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa.

SEGUNDO. Notificar o presente decreto aos tenentes de alcalde afectados, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello.

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así coma en virtude do imperativo contido no artigo 38 do referido regulamento para os efectos do establecido no artigo 46.1 da devandita norma legal.

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2258

*Anuncio***PROCEDEMENTO:** Pleno Organizativo**Expediente:** 372/2023**Asunto:** Publicación de resolución de Alcaldía membros Xunta de Goberno Local e delegación competencias

Considerando a competencia que a esta Alcaldía lle atribúen os artigos 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; 61 da Lei 5/1995, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 43 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais;

RESOLVO:

PRIMEIRO: Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estea integrada por tres Concelleiros,(número de Concelleiros non superior o terzo do número legal dos mesmos), que son os que de seguido se indican:

- D. José Gromaz Castro
- Dna. Gloria Pasarín Méndez
- D.Ricardo Parada Mariñas

SEGUNDO: Delegar na Xunta de Goberno Local do Concello de A Fonsagrada as seguintes competencias:

1. A aprobación de padróns e recoñecemento de exaccións.
2. Aprobar a oferta pública de emprego de acordo co orzamento e o plantel aprobado polo Pleno e aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concurso de provisión de postos de traballo.
3. A concesión das licenzas de obra maior e as incluídas no ámbito da Lei 9/2013 de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica (aquelas que teñan incidencia ambiental).

TERCEIRO: O Alcalde resérvase a avocación dos asuntos delegados que pola súa urxencia teñan que ser resoltos con celeridade e puntualidade, avocación da que se dará conta na seguinte sesión da xunta que se celebre.

CUARTO: Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que se celebre, ademais notificarase persoalmente ós designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente resolución conforme se indica no artigo 23 da Lei 7/85 de 2 de abril e 52.4 do R.O.F.

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Carlos López López.

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2259

Anuncio

Procedemento: Pleno organizativo

Expediente número: 372/2023

Asunto: Publicación de Acordo do Pleno don data do 03/07/2023 referente ás periodicidade das sesións plenarias.

Constituída a nova Corporación, na sesión celebrada en data 17 de xuño de 2023, coma consecuencia das eleccións locais celebradas o pasado 28 de maio de 2023, procede determinar o réxime da celebración das sesións ordinarias do Pleno, de conformidade co disposto no artigo 38 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e o artigo 210.2 letra a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

A estes efectos o devandito artigo 210 da LALG, establece a periodicidade mínima da celebración das sesións ordinarias do Pleno, procedendo celebrar cando menos unha sesión ordinaria cada dous meses, norma que desenvolve o disposto no artigo 46.2 letra a) da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladoras das Bases do Réxime Local que dispón unha periodicidade mínima mensual nos municipios de máis de 20.000 habitantes, cada dous meses en municipios con poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes e trimestral en municipios de ata 5.000 habitantes.

En base ao anteriormente exposto formulo ao Pleno deste concello que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO. As sesións ordinarias do Pleno deste concello celebraranse os últimos xoves dos meses impares do ano natural, ás 20:00 horas; se fose festivo celebrárase o seguinte día hábil, considerándose para estes efectos os sábados, domingos e festivos coma inhábiles, de conformidade co disposto no artigo 30 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Facultar ao Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, por causa xustificada, a modificar a data de celebración da sesión ordinaria, nun intervalo máximo de dez (10) días, mesmo aínda que o novo día fixado non estivese comprendido no mes correspondente á devandita sesión, conservando esta o carácter de ordinaria.

TERCEIRO. Proceder á publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos do seu xeral coñecemento en virtude do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Fonsagrada, 11 de xullo de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2260

LOURENZÁ*Anuncio*

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN de traballadores desempregados EN RÉXIME LABORAL temporal DE: 1 Oficial de 1ª de Albanelería, 1 Oficial de 1ª de Carpintería, 1 Oficial de 1ª de Electricidade PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN UNICO de COOPERACIÓN COS CONCELLOS entre o concello de lourenzá e a excma. deputación provincial de lugo (programa REFORZO DO EMPREGO 2023)

Por Resolución da Alcaldía de data 13/07/2023 apróbase A CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN de traballadores desempregados EN RÉXIME LABORAL temporal DE: 1 Oficial de 1ª de Albanelería, 1 Oficial de 1ª de Carpintería, 1 Oficial de 1ª de Electricidade PARA O CONCELLO DE LOURENZÁ, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN ao abeiro DO PLAN UNICO de COOPERACIÓN COS CONCELLOS entre o concello de lourenzá e a excma. deputación provincial de lugo (programa REFORZO DO EMPREGO 2023)

A convocatoria e as bases aprobadas están publicadas na páxina web da Deputación Provincial de Lugo www.deputacionlugo.org, na páxina Web do Concello de Lourenzá no seguinte enlace www.concellodelourenza.gal, no taboleiro de anuncios do Concello de Lourenzá e a disposición dos interesados nas Oficinas Municipais.

A convocatoria farase mediante presentación das correspondentes ofertas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Lourenzá, 13 de Xullo de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2280